



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O REGULAMENTO XERAL DE ESTRADAS DE GALICIA, APROBADO MEDIANTE O DECRETO 66/2016, DO 26 DE MAIO

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o "Proxecto de Decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado mediante o Decreto 66/2016, do 26 de maio", emite o seguinte,

INFORME

1.- Competencia e marco legal aplicable

O proxecto de decreto dítase en exercicio da competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia polo artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

O artigo 148.1.5ª da Constitución española dispón que as Comunidades autónomas poderán asumir competencias en materia dos ferrocarrís e estradas cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos términos, o transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.

En aplicación deste precepto, o artigo 27.8 establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva nas seguintes materias:

"8. Ferrocarriles y carreteras no incorporados a la red del Estado y cuyo itinerario se desarrolle íntegramente en el territorio de la Comunidad Autónoma y, en los mismos términos, el transporte llevado a cabo por estos medios o por cable."

Os medios necesarios para o exercicio da competencia en materia de estradas asumida en virtude do Estatuto de autonomía foron transferidos polo Real Decreto 3317/1982, do 24





de xullo e por Decreto 156/1982, do 15 de decembro, procedeuse á asunción e á asignación das transferencias.

En virtude desta competencia ditouse a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que regula o dominio público viario das redes de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia ou das entidades locais do seu ámbito territorial, e establece os procesos de planificación, proxección, construción, financiamento, explotación, uso e protección daquel e os mecanismos que permitan coordinar a actuación das súas distintas administracións titulares, que foi desenvolvido polo Decreto 66/2016, do 26 de maio.

2.- Estrutura

O Regulamento xeral de estradas de Galicia, aprobado polo Decreto 66/2016, do 26 de maio, ao igual que a Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, estruturase en 5 títulos:

- I – Disposicións xerais
- II – Planificación e proxección
- III – Construción, financiamento e explotación
- IV – Protección do dominio público viario
- V – Réxime sancionador

O proxecto de Decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de estradas de Galicia, conta cun único artigo no que inclúen distintas disposicións que son tanto de modificación, supresión e adición do texto do regulamento vixente.

Ademais completase cunha disposición derogatoria de cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nel, e cunha disposición derradeira, sobre o réxime da súa entrada en vigor.





3.- Obxecto da disposición

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, foi modificada, sucesivamente, pola Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, pola Lei 4/2021, do 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas e pola Lei 18/2021, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

Nese sentido, o obxectivo deste decreto é adaptar os preceptos do Regulamento xeral de estradas de Galicia aos cambios producidos na disposición legal que este desenvolve, de tal xeito que se eviten as contradicións que os cambios introducidos na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia provocaron, en relación co texto do antedito Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Tamén se realizan outras modificacións que teñen por obxecto rectificar, simplificar a aclarar a interpretación dalgún dos seus preceptos, dado que, transcorridos varios anos dende a súa entrada en vigor, a experiencia acumulada puxo de manifesto certas dificultades para a súa aplicación práctica por parte dos órganos administrativos competentes para esta.

4- Tramitación

A tramitación deste proxecto de decreto desenvolveuse con suxeición ao procedemento legalmente establecido, de acordo co disposto nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Regulamento de réxime interior da Xunta de Galicia, aprobado polo Decreto 111/1984, do 25 de maio:





- 1) O 25 de xaneiro de 2022 a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade acordou o inicio da tramitación do Anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 66/2016, do 26 de maio.
- 2) O Anteproxecto de decreto foi sometido a consulta publica previa entre o 21 de novembro e o 9 de decembro de 2021.
- 3) O 28 de abril de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas asinou as memorias xustificativa e económica do Anteproxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 66/2016, do 26 de maio.
- 4) O 4 de maio de 2022, a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico emitiu informe.
- 5) O 5 de maio de 2022, a conselleira aprobou inicialmente o texto do Proxecto de decreto polo que se modifica o Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.
- 6) Entre o 6 de maio de 2022 e o 6 de xuño de 2022 o proxecto de decreto estivo publicado no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia, a través do que presentou unha alegación.
- 7) O 6 de maio de 2022 o texto foi sometido a tramite de audiencia por un prazo de quince días hábiles para o que foi remitido ás catro deputacións provinciais, á Dirección General de Carreteras, á Dirección General de Tráfico, á FEGAMP, ao Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canáis e Portos de Galicia, ao Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas e os distintos departamentos da Xunta de Galicia.

Durante esta fase presentaron alegacións: a FEGAMP, a Deputación de Pontevedra, a Deputación de Ourense, a Conselleria de Facenda e a Consellería de Medio Ambiente, Ordenación do Territorio e Vivenda.





8) O proxecto de decreto foi sometido informe da:

- Secretaría Xeral da Igualdade, emitido o 13 de xuño de 2022.
- Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, emitido o 18 de maio de 2022.
- Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, emitido o 17 de xuño de 2022.
- Dirección Xeral de Familia, Infancia e Impacto Demográfico emitido o 12 de maio de 2022.

9) O 27 de xullo de 2022, o director da Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe sobre a tramitación do procedemento.

10) O 3 de agosto de 2022 foi solicitado informe á Asesoría Xurídica Xeral que foi emitido o 13 de febreiro de 2023.

11) O 15 de febreiro de 2023, o director da Axencia Galega de Infraestruturas emitiu informe sobre as modificacións introducidas no proxecto de decreto tralo informe da Asesoría Xurídica e asinou unha memoria xustificativa adaptada ás modificacións introducidas.

5.- Acerto e oportunidade

De conformidade co anterior, e tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos legais esixidos pola normativa de aplicación, cumpríndose todos os trámites legais preceptivos, é polo tanto esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente a legalidade, acerto e oportunidade do texto normativo proposto que deberá ser sometido, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia, ao Consello da Xunta para a súa aprobación como Decreto.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral técnico
Joaquín Macho Canales

Secretaría Xeral Técnica
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
881 999 265
sxt.cim@xunta.gal

